
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

## FICHA RESUMO

**PE 403A 2010/79-5**

<b>Ano</b>	2011
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE O GROVE
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ambito do plan</b>	De punta Cantodorxo a punta Faxilda
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
9	14	16
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si (ver consideracións)</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
4	-	1

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	100											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>	De xaneiro a decembro											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : De xaneiro a decembro, de Punta Cantodorxo a Punta Faxilda												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Tops de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé (percebeiro/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Habilitación enrolado e a bordo/día)</b>
Percebe	4 kg (peso neto) 5 kg (peso bruto)	-	4 kg (peso neto) 5 kg (peso bruto)

<b>Artes a empregar</b>	Rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	--------------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Lonxa de O Grove e na zona de extracción (vehículo/embarcación da confraría)
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de O Grove

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Participantes:** Respecto ás embarcacións incluídas no plan hai que indicar as seguintes cuestións. No plan inclúense 14 embarcacións e 17 tripulantes. Segundo os datos da Consellería do Mar son 14 embarcacións as autorizadas e 16 habilitacións. Así, obsérvase que a embarcación ..... conta con 1 habilitación/cupo.

**Ampliación dos permisos:**

**Habilitacións:** No plan para o ano 2010 mediante Resolución do 28 de maio de 2010 da Conselleira do Mar do recurso potestativo de reposición indicábase que non existía inconveniente algún en acceder ao incremento dunha (1) habilitación de percebeiro, o que representa un incremento do 3,57% do esforzo pesqueiro potencial. Dito incremento mantense para o ano 2011. A selección da embarcación á que se lle outorgue unha habilitación máis farase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

**Permisos a pé:** A entidade propón a cobertura de 4 vacantes, dúas delas que se produciron ao longo de 2010 e dúas previstas para o ano 2011. Non se observa inconveniente algún en cubrir as vacantes. A selección farase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños. Dado que 2 vacantes xa se produciron durante o ano 2010 súxírese que nun primeiro momento se proceda a cubrir estas vacantes e a finais do ano 2011 se cubran as 2 restantes. Para facilitar este proceso, unha vez rematado o primeiro proceso de selección a entidade poderá solicitar, de conformidade coa agrupación sectorial, ao departamento territorial que se usen as listas de reserva que teñen 1 vixencia de 1 ano dende que se dita a resolución de outorgamento dos permisos. Estas listas de reserva poden ser usadas nos seguintes supostos: se produzan vacantes durante o proceso selectivo para o outorgamento de novos permisos e cando se produzan vacantes durante a vixencia dos plans de explotación.

**Calendario de extracción:** Recoméndase unha explotación baseada na rotación por zonas,



deixando descansar cada unha delas o que tamén suporía un mellor control sobre o recurso. Recoméndase diferenciar as zonas de a pé das de embarcación xa que os intereses dos dous colectivos son diferentes.

**Cota máxima de captura:** Acéptase o establecemento da cota máxima en peso neto en 4 kg/percebeiro/día e 4 kg/habilitación enrolado e a bordo/día e unha cota máxima en peso bruto de 5 kg/percebeiro/día e 5 kg/habilitación enrolado e a bordo/día. En épocas puntuais (outubro e decembro) e se o estado do recurso así o permite poderá verse incrementada a cota en peso neto ata 5 kg e peso bruto 6 kg. Esta medida de establecer peso neto e peso bruto unicamente será viable cando o punto de control funcione tal e como está descrito no plan de explotación

**Punto de control:** O control levarase a cabo na zona de produción, no vehículo de vixilancia ou tamén a bordo da embarcación de vixilancia da confraría. As capturas individuais de cada percebeiro disporanse en malla plástica e precintaranse no punto de control unha vez pesadas, emitindo un ticket nominativo para cada embarcación ou percebeiro, segundo os casos.

Neste punto de control verificarase o cumprimento das cotas de capturas e da talla mínima. Unha vez que todos os participantes teñen pasado polo punto de control, o produto é transportado ata a lonxa polo servizo de vixilancia da confraría, nun vehículo isoterma axeitado, e estabulado nunha cámara frigorífica. A hora límite para pasar polo punto de control son as 16.00 horas.

Antes da subhasta, cada percebeiro recolle o seu produto e pasa a escollelo para posteriormente expoñelo para subhasta.

**Renovación da modalidade de percebe do permiso de explotación das embarcacións:** Acéptase que para a renovación da modalidade de percebe da embarcación se acredite ter realizado a actividade extractiva que se contempla no plan presentado (mínimo 50% dos días de actividade laboral), pero advírtese (ao igual que nas propostas de resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños dende o ano 2006), que se computará o ano natural anterior a data de solicitude de renovación, e que deberán acreditarse as vendas achegando ao departamento territorial un certificado ou extracto das vendas con detalle dos días, meses e persoas, presentado en documento orixinal e selado e asinado polo representante legal da lonxa ou centro de venda autorizado.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Recomendacións,** para a mellora do plan:

- Detallar polo miúdo a organización da vixilancia
- Detallar o plan financeiro
- Regulamento de réxime interno ou documento que recolla as infraccións e sancións unha vez aprobadas polo sector.
- Revisar, xunto coa axente de extensión, as normas do plan de explotación así como que a aplicación de infracción/sancións debe facerse ao abeiro dun procedemento sancionador